

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 19 DE MARZO DE 2015,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se aproban os estatutos do Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Decreto polo que se declara en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción da obra: reformado do acondicionamento da estrada AC-406 Portomouro – Santa Comba, treito parque empresarial de Santa Comba - Abuín, no Concello de Santa Comba (Clave: AC/08/064.01.1).
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade do treito da estrada autonómica OU-504 Ribadavia – Cea (OU-901), desde o p.q.: 0+000 ao p.q.: 1+460, a prol do Concello de Ribadavia.

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Decreto polo que se crea a Librería Institucional da Xunta de Galicia.

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Asociación Clúster Empresarial de Turismo de Galicia (CTG) para a implementación, difusión e promoción da marca Q de Calidade Turística no sector turístico de Galicia, por importe de 175.000 euros, e polo que se autoriza a superación dos límites de pagamentos anticipados.



- Acordo polo que se aproba o “Plan de Administración e Goberno Dixitais. Horizonte 2020”.
- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do Anteproxecto de Lei de transparencia e bo goberno.

### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, o Concello de Narón e a Sociedade estatal Aguas de las Cuencas de España, S.A., para a execución e explotación das obras do interceptor xeral da marxe dereita da ría de Ferrol. Tramo Cadaval-Neda, por un importe de sete millóns trescentos trinta e tres mil euros (7.333.000,00).
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello do Páramo para a execución da obra: “Ultimación da rede de abastecemento de auga potable aos núcleos ribeiregos. Fase I. O Páramo (Lugo)”, clave OH.227.652, por importe de trescentos dezasete mil douscentos oitenta e dous euros con noventa céntimos (317.282,90 euros).

### **CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Convenio de Colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT), para contribuír ao financiamento dun servizo social comunitario específico de atención temperá a nenos/as de 0 a 6 anos con trastornos do desenvolvemento ou en risco de padecelos e as súas familias. Importe total de douscentos setenta e cinco mil euros (275.000,00 euros).

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Informe de avance da elaboración do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico 2015-2020.



---

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe da actividade do Centro de Transfusión de Galicia.



## O CONSELLO DA XUNTA APROBA OS NOVOS ESTATUTOS DO COLEXIO PROFESIONAL DE ENXEÑARÍA TÉCNICA INFORMÁTICA DE GALICIA

- ***Entre os seus fins están a representación institucional desta profesión, velar polos seus intereses e a protección dos intereses dos consumidores e usuarios***

O Consello da Xunta aprobou hoxe, na súa xuntanza semanal, o proxecto de decreto polo que se aproban os novos estatutos do Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia.

O Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia foi creado por por Lei 8/2006, do 1 de decembro, e os estatutos actuais aprobados polo Decreto 137/2008, do 19 de xuño, por proposta da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Por tratarse dun colexio de ámbito autonómico, corresponde a aprobación dos estatutos á Xunta de Galicia, mediante decreto.

A adaptación dos estatutos do colexio ás novidades normativas aprobadas con motivo da aprobación da Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de maio de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, ocasionaron cambios na regulación dos colexios profesionais que, pola súa vez, foron orixe da aprobación das denominadas Lei ómnibus estatal e Lei ómnibus galega.

Neste marco normativo régulanse os estatutos incorporando as modificacións establecidas nas leis ómnibus sinaladas, destacando que entre os fins do colexio se inclúe a protección dos intereses dos consumidores e usuarios; incorporase a previsión dun servizo de atención, información e resolución de queixas e reclamación de consumidores e usuarios.

A colexiación régulase como única para todo o territorio nacional. E conforme o establecido na Lei ómnibus estatal, prevese a elaboración, aprobación e publicación na sede electrónica do colexio da memoria anual do colexio, así como a regulación dunha xanela única, así como a tramitación da colexiación a través deste por medios electrónicos.

Así, o Consello da Xunta aproba os novos estatutos do Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia como corporación de dereito público e de carácter profesional con personalidade xurídica propia, que ten como ámbito de actuación o territorio da comunidade autónoma de Galicia, e que agrupa aos profesionais que teñan o título universitario de Enxeñaría Técnica en Informática, título universitario oficial de grao ligado coa profesión de Enxeñaría Informática ou título universitario debidamente homologado con algún dos anteriores.



---

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.



Comunicación da Xunta de Galicia  
San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela  
Tel.: 981 541 238/42/51 - Fax: 981 541 252/41  
Correo-e: comunicacion@xunta.es



FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"

## O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO DE EXPROPIACIÓNS PARA A MELLORA DA ESTRADA PORTOMOURO- SANTA COMBA

- *Este compromiso foi adiantado pola conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas á alcaldesa de Santa Comba nunha reunión que tivo lugar recentemente*
- *Proxecto de acondicionamento da AC-406 entre os puntos quilométricos 25+830 e 27+400 afecta un total de 60 predios, para o que se dispón un orzamento de 360.000 euros*
- *Esta actuación que beneficiará os case 10.000 habitantes de Santa Comba suporá un investimento de máis de 2,5 millóns de euros*


O Consello da Xunta de Galicia autorizou na súa reunión de hoxe o decreto de expropiación para a mellora da estrada Portomouro- Santa Comba (AC-406), no treito entre o parque empresarial de Santa Comba e Abuín. Este compromiso foi anunciado pola conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Ethel Vázquez, á alcaldesa de Santa Comba, María José Pose, nunha reunión que tivo lugar a semana pasada.

Tal e como se recolle no decreto de utilidade pública (DUP) o proxecto de acondicionamento da AC-406 desde o punto quilométrico 25+830 (nas proximidades do núcleo de Abuín) ao 27+400 no acceso ao polígono industrial. Afecta un total de 60 predios, polo que se reserva un investimento de 360.000 euros para o pagamento das expropiacións.

Cómpre recordar que a proximidade dalgunhas edificacións á estrada impide neste treito a mellora do trazado da infraestrutura actual sen causar importantes afeccións, polo que se optou por definir un novo trazado.

O novo trazado, que conta cunha lonxitude de 1,46 km, servirá de variante do núcleo de Salgueiroas e permitirá eliminar unha curva de raio reducido. A sección tipo elixida conta con plataforma de 10 metros, con dous carrís de 3,5 metros e beiravías de 1,5 metros.





Esta actuación, que beneficiará os case 10.000 habitantes de Santa Comba, suporá un investimento de máis de 2,5 millóns de euros.



**A XUNTA ACORDA CEDERLLE AO CONCELLO DE RIBADAVIA A TITULARIDADE DUN TREITO DE 1,5 QUILÓMETROS DA ESTRADA DE CONEXIÓN CON CEA TRAS INVESTIR MÁIS DUN MILLÓN DE EUROS**

- ***A entrega dos bens materializarase no prazo dos dous meses seguintes á publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia***
- ***Corresponderanlle ao Concello de Ribadavia, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación deste treito, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria***
- ***Nos últimos anos o Goberno galego levou a cabo varias actuacións para mellorar o abastecemento, saneamento e as beirarrúas***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou na súa reunión de hoxe o decreto polo que se autoriza o cambio de titularidade dun treito da estrada OU-504, Ribadavia-Cea que vai desde o p.q. 0 + 000 ao 1 + 460, a prol do Concello de Ribadavia.

Para a tramitación deste cambio de titularidade séguese a tramitación prevista na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que regula os cambios de titularidade das estradas de titularidade autonómica ou treitos delas. Esta norma, que axilizou de modo importante a tramitación administrativa para estes procedementos, establece que deberán ser aprobados por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións afectadas.

A entrega deste treito de estrada deberá formalizarse no prazo dos dous meses seguintes á publicación deste decreto no DOG, mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

Corresponderanlle ao Concello de Ribadavia, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación dos terreos sobrantes, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponderlle como nova Administración titular dos terreos.

Cómpre lembrar que o Goberno galego destinou nos últimos anos máis dun millón de euros para mellorar a vía, da que hoxe se autoriza a súa transferencia. A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas rematou en 2010 a mellora do abastecemento, saneamento e beirarrúas na OU-504, nas rúas de Ribeiro e Carballiño, que implicou un investimento de 1,06 millóns de euros.


A segunda das actuacións, cun importe de 140.000 euros e rematada en abril do pasado anos, foi a mellora da estrada OU-504, dende o punto quilométrico 0 + 000 ao 0 + 750. As obras consistiron na rehabilitación do firme existente, mediante o







fresadura e a renovación total da capa de rodadura e tamén se reforzaron as canalizacións soterradas.



## A XUNTA CREA A LIBRARÍA INSTITUCIONAL DE GALICIA, UN SERVIZO PÚBLICO DE ACCESO A TODAS AS PUBLICACIÓNS DO GOBERNO GALEGO

- *Trátase dunha plataforma electrónica en que estará dispoñible o fondo editorial da Administración autonómica en todos os formatos*
- *Dunha maneira áxil, sinxela e directa, calquera cidadán poderá consultar os contidos e servizos a través do enderezo <https://libraria.xunta.es>*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto polo que se crea a Libraría Institucional da Xunta de Galicia, un novo servizo de acceso público ao fondo editorial (revistas, libros, folletos...) da Administración autonómica, que será xestionado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Segundo se recolle no decreto, a Libraría Institucional da Xunta funcionará a través dunha plataforma electrónica que ten por obxecto a distribución e comercialización do seu fondo editorial. A ferramenta é de carácter público polo que o conxunto da cidadanía -independentemente de onde se atope- terá garantido o acceso aos seus contidos e servizos. É dicir, calquera cidadán que o desexe poderá acceder ás publicacións da Xunta e dos seus organismos dependentes a través do enderezo electrónico <https://libraria.xunta.es>, xa sexan en formato papel ou electrónico, tanto venais como non venais.

A través desta plataforma créase un catálogo público de publicacións do Goberno galego que ata o de agora non existía, accesible a toda a cidadanía e onde están facilmente localizadas todas as publicacións en todos os formatos de xeito directo e sinxelo. Inicialmente nestes catálogo aparecerán todas as publicacións posteriores ao ano 2010 e ata actualidade. Non obstante, está previsto ir incorporando á plataforma todas as publicacións anteriores a 2010 de que existan exemplares para a súa distribución.

Este novo instrumento, que é froito da colaboración entre distintos departamentos da Xunta, supón avanzar na estratexia do Goberno galego de achegar os servizos públicos á cidadanía, e de facilitar o seu uso.

Tamén dá resposta ao recollido na Lei 17/2006, do libro e da lectura de Galicia, en cuxo articulado se establece a creación dunha libraría institucional do Servizo de Publicacións da Xunta en que se ofrezan todas as publicacións oficiais de calquera departamento ou organismo autónomo.





## TURISMO DE GALICIA E O CLÚSTER DO SECTOR COLABORARÁN NA IMPLEMENTACIÓN, DIFUSIÓN E PROMOCIÓN DA MARCA Q DE CALIDADE

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que se autoriza a subscripción do dito convenio que terá un importe total de 175.000 euros***
- ***En virtude do convenio, o Clúster de Turismo de Galicia asesorará as empresas turísticas de Galicia inscritas no REAT para a implantación da marca Q de calidade turística e da marca Galicia Calidade***
- ***No balance do 2014 Galicia alcanzou as 268 empresas certificadas coa Q de Calidade Turística, sendo a Comunidade líder no subsector dos hoteis e apartamentos turísticos, dos establecementos de turismo rural, balnearios, instalacións náutico-deportivas, turismo activo, turismo industrial e do sector do lecer nocturno***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre Turismo de Galicia e o Clúster de Turismo de Galicia para a implementación, difusión e promoción da marca Q de Calidade no sector turístico de Galicia.

O dito convenio establece as bases de colaboración para a implementación, difusión e promoción dos servizos turísticos de Galicia coa marca Q de Calidade Turística e Galicia Calidade a través:

- Do apoio á implantación voluntaria en empresas turísticas de Galicia inscritas no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas (REAT) da Xunta de Galicia, das normas de calidade desenvolvidas polos subsectores turísticos empresariais adheridos ao Instituto para a Calidade Turística Española. Este apoio consistirá nun labor de asesoramento a empresas e actividades do sector turístico mediante a súa preparación para estar en condicións de superar a auditoría externa necesaria para a posterior consecución da Q de calidade turística.

- Do apoio á implantación voluntaria en empresas turísticas de Galicia inscritas no Rexistro de empresas e actividades turísticas (REAT) da Xunta de Galicia, das normas de calidade desenvolvidas por Galicia Calidade.

- Do apoio e recoñecemento da Marca de Calidade Turística Española como marca diferenciadora da calidade e dos establecementos certificados así como a marca Galicia Calidade.

En virtude do convenio, o Clúster de Turismo de Galicia comprométese a asesorar a empresas turísticas de Galicia inscritas no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas (REAT) da Xunta de Galicia, cuxo domicilio social estea no territorio da



Comunidade Autónoma de Galicia para a implantación da marca Q de Calidade Turística e da marca Galicia Calidade, co obxectivo de acadar 20 novas auditorías externas para a consecución de novas certificación de Q de Calidade Turística, manter os 221 establecementos –as 268 certificacións de Q que atesoura Galicia, menos 47 correspondentes á xestión pública ou *multi-site*- nos procesos de seguimento ou renovación da marca Q e acadar 10 novas auditorías externas para a consecución da certificación Galicia Calidade.

Turismo de Galicia, pola súa parte, financiará as actuacións obxecto do convenio cunha achega de 175.000 euros.

### **Firme aposta pola calidade**

A calidade, como factor de diferenciación das empresas turísticas, constitúe unha liña de actuación imprescindible na estratexia competitiva do sector turístico galego, e nesta liña preséntase fundamental a colaboración público-privada.

Neste senso, Turismo de Galicia asinou diversos convenios de colaboración, nos anos 2010, 2011, 2012 e 2013, con diferentes entidades do sector, e no ano 2014 por primeira vez co Clúster de Turismo de Galicia, como entidade integradora de toda a cadea valor.

Deste xeito, no ano 2003, Galicia contaba con 13 empresas certificadas co Q de Calidade e no balance do 2014 se alcanzaron as 268 empresas con este distintivo outorgado polo ICTE. Galicia consolidouse, así, como a segunda Comunidade Autónoma con máis distintivos Q de Calidade de toda España so por detrás de Andalucía e mantense como a Comunidade coa maior oferta de aloxamento turístico global certificada.

Así mesmo, Galicia constituíuse no ano 2014 como a primeira Comunidade Autónoma de España no subsector dos hoteis e apartamentos turísticos certificados e continúa a ser a comunidade líder en establecementos con Q de Calidade nos segmentos do turismo rural, balnearios, instalacións náutico-deportivas, turismo activo, turismo industrial e no sector de lecer nocturno.



## **A XUNTA PON EN MARCHA O PLAN DE ADMINISTRACIÓN E GOBERNO DIXITAL QUE POSIBILITARÁ UN AFORRO ANUAL DE 41 MILLÓNS DE EUROS NO HORIZONTE 2020**

- *Establece as liñas para crear unha Administración capaz de anticiparse ás demandas da sociedade, baixo un modelo de goberno aberto e participativo e que ofrece ao cidadán unha visión única e cohesionada*
- *Cun investimento de 27,7 millóns de euros define as medidas para consolidar os servizos electrónicos postos en marcha e acadar unha Administración que funcione integramente de xeito dixital*
- *O plan prevé conseguir que en cinco anos 220.000 cidadáns e empresas empreguen as canles dixitais na súa relación coa Administración*

O Goberno galego aprobou hoxe o Plan de administración e goberno dixital 2020, que busca culminar o traballo realizado nos últimos catro anos en materia de administración electrónica e conseguir unha Administración que funcione integramente de xeito dixital.

Cun investimento de 27,7 millóns de euros o Plan asume o reto de acadar unha Administración accesible, áxil nas respostas, con capacidade para anticiparse ás necesidades das sociedade, eficiente no uso dos recursos públicos e que ofrece ao cidadán unha visión única e cohesionada da Administración.

Unha vez completado, o Plan permitirá un aforro estimado de 31,4 millóns de euros á sociedade e de 10,2 millóns no funcionamento interno da Administración.

As medidas do Plan articúlanse arredor de tres ámbitos de actuación: a madurez electrónica, para consolidar unha tramitación electrónica integral; a innovación pública para transformar o modelo de prestación de servizos a cidadáns e empresas e uns instrumentos de transformación, que se sustentarán sobre os dous colectivos chave do cambio: os empregados públicos e os cidadáns.

### **Madurez electrónica**

O camiño cara a madurez da Administración electrónica require de actuacións que reforcen e potencien as iniciativas xa iniciadas o que implica evolucionar a sede electrónica, simplificar o acceso á eAdministración, impulsar a interoperabilidade, a xestión electrónica interna e consolidar o arquivo dixital electrónico. Con estas medidas a previsión é conseguir que en cinco anos 220.000 cidadáns e empresas empreguen as canles dixitais na súa relación coa Administración.

A posta en marcha da sede electrónica foi un dos fitos principais do primeiro Plan de modernización. O novo plan busca consolidar este esforzo acadando unha tramitación



electrónica integral. O obxectivo é que en 2020 a totalidade dos procedementos se poidan iniciar telematicamente e que o 40% se tramiten integramente de xeito electrónico.

Dotarase á sede electrónica de máis funcionalidades, personalizadas para os diferentes colectivos. Entre elas a posibilidade de obtención de certificados de xeito inmediato, que permitirá aos cidadáns obter a través da sede certificados (*de discapacidade, familia numerosa..*) asinados electronicamente.

Simplificarase á accesibilidade á Administración coa extensión de ferramentas como a solución Chave 365, que permite interactuar coa Administración a través do teléfono móbil sen necesidade de empregar un certificado electrónico.

Impulsarase a implantación do sistema de notificacións telemáticas @Notifica, que permitirá a calquera persoa física ou xurídica recibir as notificacións administrativas nunha caixa de correo electrónico en lugar do tradicional correo certificado e coa mesa validez legal e todas as garantías de seguridade.

Unha peza chave para conseguir a tramitación electrónica integral é a consolidación do Arquivo Dixital Integrado, que entrará en funcionamento este ano. O Arquivo Dixital permitirá xestionar o ciclo de vida completo de cada documento e posibilitará, tanto aos empregados públicos como ao propio interesado, recuperar e consultar calquera información dun expediente.

A dixitalización da xestión interna dos empregados públicos é outro dos requisitos do novo contexto dixital. Neste eido xa está en marcha o Plan de xestión e dotación de medios TIC no posto de traballo e creárase o expediente dixital do empregado público, que lle permitirá o acceso aos seus documentos persoais sen necesidade de solicitude previa e simplificará a xestión da función pública. Tamén, no ámbito interno dixitalizaranse as canles de comunicación co Parlamento e Valedor do Pobo, evitando a circulación de papel.

No marco de colaboración coas outras administracións, porase a disposición de concellos e deputacións provincias o nodo de interoperabilidade Pasaxe!, que permite o intercambio electrónico de documentación entre as tres administracións, evitando reclamarlla aos cidadáns. O obxectivo é acadar ás 300.000 consultas neste servizo en 2020.

As plataformas e servizos desenvolvidos ao abeiro do plan, en especial aqueles de carácter transversal, definiranse con vocación de poder ser reutilizados, impulsando o uso de infraestruturas comúns. Nesta liña elaborárase un catálogo de servizos compartidos con outras administracións, que se irán sumando aos xa existentes.





### **Innovación na Administración**

O Plan aplica novas prácticas para cambiar os procesos e servizos e conseguir unha Administración con capacidade de anticiparse ás necesidades dos cidadáns.

Porase en marcha un novo modelo de atención multicanle, sendo a canle telemática a vía preferente de relación con cidadáns e empresas. Isto implica reformular as tradicionais Oficinas de Atención, que se transformarán en Oficinas de Atención Avanzada, xogando un papel chave para garantir a universalidade do acceso aos servizos públicos electrónicos. Crearase un rexistro de funcionarios habilitados que poderán actuar ante a Administración en nome do cidadán en procedementos que requiran sinatura electrónica.

Abordarase a personalización de servizos para as empresas con medidas como a creación dun rexistro empresarial único, que coordine a rede de rexistros industriais, empresariais e comerciais da Administración pública. A posta en marcha da canle empresa, un espazo especificamente orientado ás empresas na sede electrónica da Xunta e do nodo integral de contratación pública, punto único para concentrar e potenciar os servizos de contratación pública galega.

A implantación de novos sistemas de análise de datos permitirá crear perfís dixitais do cidadán e a empresa, accesibles desde a carpeta do cidadán na sede electrónica da Xunta de Galicia. Estes perfís crearanse con base na información da relación destes coa Administración pública, o que posibilitará personalizar os servizos e anticiparse á demanda.

En consonancia co Plan de medidas de impulso democrático do Goberno galego porase en marcha o Portal de transparencia e habilitaranse as canles de participación activa dos cidadáns como o servizo de resposta cidadá ou a habilitación de foros de participación.

Establecerase unha estratexia para o desenvolvemento de servizos en mobilidade da actividade administrativa que permita, tanto á Administración como ao sector TIC, desenvolver unha nova gama de servizos dixitais pensados no mundo móbil.

O Plan de administración e goberno dixitais avanza cara aos novos escenarios a que se enfrontan as administracións como o aproveitamento das tecnoloxías para a xestión do inxente fluxo de datos que se xera na interacción na rede, o denominado "Big Data". O obxectivo é que o Big Data se integre gradualmente na Administración como fonte de información para a adopción de decisións e a articulación de políticas concretas. O Plan recolle a elaboración dunha análise de impacto do BigData na Administración pública galega para deseñar un plan de acción posterior.



Respecto á reutilización de datos do sector público, ampliando o contido do Portal Abert@s, posto en marcha en 2012, configurárase un catálogo de datos abertos da Administración pública autonómica para facilitar o aliñamento con iniciativas doutras administracións no ámbito autonómico, especialmente a universidade e as entidades locais.

### **Instrumentos para o cambio**

Este proceso de cambio precisa da formación e o acompañamento aos protagonistas deste: cidadáns e empregados públicos. Por iso, o Plan prevé medidas para a formación e participación do empregado público e o fomento do uso das canles dixitais por parte da cidadanía.

Para promover a participación dos empregados públicos neste proceso de cambio crearanse de grupos de traballo multidisciplinares que contarán co apoio dunha plataforma colaborativa, que facilitará a compartición de información de xeito transversal na propia Xunta ou con outras administracións.

O éxito dos servizos dixitais está marcado polo seu uso e a súa efectividade. Por iso, fomentar o seu coñecemento e a súa posibilidade de utilización destes por parte de cidadáns e empresas será outro dos obxectivos do plan, que establece un conxunto de iniciativas de formación, divulgación e usabilidade para a cidadanía.



## **A NOVA LEI DE TRANSPARENCIA E BO GOBERNO AMPLIARÁ AS OBRIGAS DE PUBLICIDADE E O CONTROL SOBRE O RÉXIME DE INCOMPATIBILIDADES**

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe o anteproxecto de Lei de transparencia e bo goberno, tal e como se comprometera o presidente en sede parlamentaria***
- ***O novo texto introduce a limitación das actividades dos gobernos en funcións e a obriga de información para facilitar os procesos de traspaso de poderes***
- ***O control público sobre o réxime de incompatibilidades esténdese a todos os altos cargos e protocolízanse as obrigas establecidas polo Código ético da Xunta***

O Consello da Xunta, cumprindo co compromiso adquirido en comparecencia parlamentaria, deu hoxe o visto e praxe ao anteproxecto de Lei de transparencia e bo goberno para que comece a súa tramitación administrativa.

O nova lei non só adapta a lexislación anterior en canto a transparencia (2006) e incompatibilidades de altos cargos (1996), senón que aproveita a oportunidade para redactar un texto novo e dar un decisivo paso adiante nesta materia.

En consecuencia, as obrigas de publicidade activa, é dicir, as exixencias de publicación de información a través da internet, amplíanse considerablemente con respecto á lei vixente en Galicia e tamén con respecto á lei básica.

A partir da entrada en vigor desta lei, a cidadanía poderá atopar no Portal de Transparencia galego o rexistro de entes dependentes, as relacións de postos de traballo e cadros de persoal, o número de liberados sindicais e o seu custo, os acordos reguladores das condicións de traballo dos empregados públicos e os convenios colectivos vixentes e a relación de órganos colexiados adscritos a cada departamento e a súa composición.

O mesmo ocorrerá coa información completa sobre a débeda pública da Comunidade; a relación da normativa vixente en Galicia; as resolucións xudiciais que afecten a vixencia ou a interpretación desta normativa; os informes e ditames que, sobre os proxectos de lei e de regulamento, emitan tanto os órganos de control interno da Xunta como os órganos de control externos e o calendario lexislativo da Xunta.

Por último, o Portal de Transparencia da Xunta tamén recollerá o tempo medio de pagamento das facturas no sector público autonómico; a relación dos bens mobles de especial valor cultural ou histórico artístico da Comunidade; o número e uso dos vehículos do seu parque móbil; a composición das mesas de contratación e a información sobre os motivos da selección dos licitadores admitidos e da valoración das ofertas presentadas; así como os documentos de planificación urbanística.



En consecuencia, coa nova Lei de transparencia e bo goberno da Xunta a cidadanía terá coñecemento e posibilidade de control sobre unha ampla gama de información que, ata o de agora, nin a Lei de transparencia galega nin a Lei básica obrigaban a publicar.

### **Dereito cidadá a acceder á información**

Doutra banda, o novo texto da Xunta regula o dereito cidadá de acceso á información pública, un aspecto que non estaba mencionado na lei galega, que foi introducido pola nova lexislación básica e que agora se concreta e mellora nesta nova lei.

Así, seguindo as recomendacións das principais organizacións internacionais de defensa da transparencia regúlase, a maiores da lei estatal, a obriga da Administración autonómica de prestar asistencia e orientación á cidadanía para o exercicio deste dereito e a atribución da resolución dos recursos contra as denegacións de información a un órgano absolutamente independente como é o Valedor do Pobo.

### **Maior control das incompatibilidades**

A lei tamén amplía o control público sobre o réxime de incompatibilidades existente na Comunidade Autónoma de Galicia, que se estende a todos os altos cargos -e non só aos membros do goberno- a obriga de publicar, tanto no momento do seu nomeamento como no momento do seu cesamento, a súa situación patrimonial.

Obrígase a facer pública a relación daquelas actividades que o alto cargo desempeñou nos dous anos anteriores á súa toma de posesión, introducindo tamén o deber de abstención nos asuntos que afecten as entidades privadas en que tivesen parte na súa dirección ou administración neses anos.

Así mesmo, introdúcese a obriga de que, durante os dous anos posteriores ao cesamento, as persoas que foran altos cargos da Xunta deban informar de calquera actividade que vaian realizar á Oficina de Incompatibilidades, para que esta informe sobre se esa actividade se axusta ao réxime de incompatibilidades.

A este respecto, o texto tamén introduce a regulación legal da existencia dun Código ético institucional, como o que aprobou a Xunta o ano pasado, que concrete os principios de conduta aos cales os altos cargos deberán suxeitarse, e regúlase o réxime sancionador para os casos en que se incumpran tanto o réxime de incompatibilidades como a declaración de bens e actividades e as obrigas de transparencia.

### **Límites dos gobernos en funcións e traspaso de poderes**

O anteproxecto de lei tamén introduce a limitación das actividades dos gobernos en funcións e a obriga de información durante o proceso de traspaso de poderes, unha



regulación que xa fora comprometida no Parlamento e que restrinxa a actuación dos gobernos saíntes ao estrito despacho ordinario do funcionamento da Administración.

Así, os gobernos en funcións non poderán enviar proxectos de lei á Cámara galega, autorizar convenios co Estado nin con outras comunidades, aprobar convocatorias de acceso ou provisión de postos de traballo públicos, aprobar ou modificar relacións de postos de traballo nin adquirir compromisos de gasto máis alá do gasto corrente ou das causas de urxencia debidamente acreditadas.

Pola contra, establécese no texto o que si deben facer os gobernos en funcións, que en definitiva é facilitar o proceso de traspaso de poderes. Neste sentido, cada consellería deberá elaborar un informe de xestión en que se detalle información como a execución orzamentaria, os compromisos de gasto asumidos, as obrigas pendentes de pagamento e os contratos e convenios vixentes. Eses informes de cada departamento serán agrupados nun único documento e serán transmitidos do presidente saínte ao presidente entrante, garantindo, polo tanto, a debida información para que o novo goberno poida comezar a tomar decisións desde o primeiro minuto.



## A XUNTA, O GOBERNO CENTRAL E CONCELLO DE NARÓN INVESTIRÁN MÁIS DE 7 MILLÓNS DE EUROS ENTRE 2015 E 2016 PARA COMPLETAR O SISTEMA DE SANEAMENTO NA MARXE DEREITA DA RÍA DE FERROL

- *O Consello da Xunta autoriza o convenio para a execución e explotación do terceiro tramo do interceptor xeral, entre Cadaval e Neda*
- *As obras permitirán recoller as augas residuais de Narón e conducilas ata o tramo dous para que finalmente poidan ser transportadas ata a nova depuradora de Cabo Prioriño*
- *Os traballos forman parte da actuación que Acuaes está a executar, co cofinanciamento da Xunta, para mellorar o sistema de saneamento e depuración dos municipios de Ferrol e Narón e mellorar así o estado da Ría de Ferrol*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a entidade pública Augas de Galicia, o Concello de Narón e Sociedad Estatal Aguas de la Cuencas de España (Acuaes) para a execución e explotación das obras do terceiro tramo do interceptor xeral da marxe dereita da ría de Ferrol, concretamente entre Cadaval e Neda.

A actuación de mellora dos interceptores xerais de Ferrol complétase con este terceiro tramo, que recollerá as augas residuais de Narón e condúceas ata o tramo dous para que, finalmente, poidan ser transportadas ata a nova depuradora de Cabo Prioriño.

Con esta actuación preténdese o desenvolvemento de medidas para a mellora no sistema de saneamento da Ría de Ferrol. Concretamente, as obras que están previstas son a construción dun interceptor xeral e de colectores que permitan recoller a rede secundaria e conducilas ás estruturas de regulación, previamente á súa conexión ao interceptor xeral.

En total, o orzamento da actuación ascende a 7,3 millóns de euros, financiados entre Acuaes (68,2%), Augas de Galicia (11,4%) e o Concello de Narón (20,4%). As obras foron licitadas por Acuaes en febreiro deste ano e está en proceso de adxudicación. O prazo previsto para a execución é de 12 meses.

Esta obra inclúe a construción dun novo tanque de tormentas na zona de Xuvia, a execución de 4.960 m de conducións de nova construción e a rehabilitación de 590 metros de impulsións existentes.

Os traballos consisten na construción de tres novos colectores xerais que recollerán as augas residuais da área urbana comprendida entre a Ponte do río Xuvia, Piñeiros e Freixiero, para conducilas ao novo tanque de tormentas de Xuvia, con 4.580 m<sup>3</sup> de





capacidade, dende onde serán enviadas á EDAR, por unha nova impulsión, que se conectará ao tanque de tormentas de Cadaval (actualmente en fase de construción).

Este proxecto inclúe, ademais, a renovación da rede de colectores xerais do parque do río Freixeiro co obxectivo de ampliar a súa capacidade.

As obras forman parte da actuación "Interceptores xerais da marxe dereita da Ría de Ferrol" que Acuaes está a executar, co cofinanciamento da Xunta, para completar o sistema de saneamento e depuración dos municipios de Ferrol e Narón, e solucionar así a afección que sobre a Ría de Ferrol está a xerar a vertedura de augas residuais ao longo de toda a súa marxe dereita.

A mellora enmárcase dentro das actuacións levadas a cabo para o saneamento da ría de Ferrol na súa marxe norte: un total de 13,4 km de novos colectores, 10,1 km de colectores renovados e 12 novos tanques de tormenta que xa están a evitar verteduras á ría.

O Convenio establece as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia, o Concello de San Cibrao das Viñas e a Confederación Hidrográfica do Miño Sil, para o financiamento, execución, e a entrega e mantemento e conservación das obras.

- Acuaes encargárase da redacción dos proxectos construtivos, licitará e adxudicará os contratos, dirixirá as obras e encargárase das expropiacións que sexan necesarias.
- Augas de Galicia participa no financiamento da actuación mediante unha subvención a favor de Acuaes, asumindo a achega do cofinanciamento dos fondos europeos que dedica o Estado para a execución das obras. A achega da Xunta de Galicia corresponderase con fondos obtidos a través do Canon da Auga, que fai posible este tipo de investimentos do Estado con Fondos Europeos en Galicia.
- Concello de Narón porá á disposición das obras aqueles terreos públicos da súa titularidade, e participará no financiamento da actuación.

Esta actuación vai na liña da colaboración interadministrativa que se estableceu entre a Xunta de Galicia e o Goberno central, e na que participan os concellos situados na ría, e que permitiu mobilizar máis de 250 millóns de euros para mellorar o saneamento integral da Ría de Ferrol, dos que a Xunta achega case 114 millóns de euros.



Dende a Xunta de Galicia destácanse os esforzos que ambas as administracións fixeron nos últimos anos, sobre todo tendo en conta os recortes orzamentarios que se produciron, xa que do investimento total (máis de 250 millóns de euros) máis dun 77% correspóndese con obras que xa están rematadas como as depuradoras de Punta Avarenta e Cabo Prioriño, co bombeo da Malata, ou os colectores xerais de Ares, Fene e Mugardos, case 200 millóns de euros.



## **A XUNTA ACHEGA MÁIS DE 317.000 EUROS PARA ULTIMAR A PRIMEIRA FASE DA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE AOS NÚCLEOS RIBEIREGOS DO PÁRAMO**

- ***Executaranse as actuacións correspondentes aos ramais de abastecemento de Santa Mariña-Cendoi-Teiquiso e Quintela-Gondrame-Outeiro (Vileiriz)***
- ***As obras consisten na execución de dous ramais de distribución en tubaxe de polietileno, que en total serán 6.362 metros***
- ***A Xunta, mediante este tipo de colaboracións cos concellos galegos, pretende garantir a subministración de auga en calidade e cantidade á cidadanía e cumprimento da Directiva Marco da Auga***

O Consello da Xunta aprobou a colaboración técnico-financieira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co Concello do Páramo para a ultimación da primeira fase da rede de abastecemento de auga potable aos núcleos ribeireños.

Estas obras, que contan cun investimento de máis de 317.000 euros con cargo aos orzamentos de Augas de Galicia, teñen por obxectivo dotar dunha rede de saneamento axeitada aos núcleos do Concello do Páramo.

Este concello está constituído por unha zona principalmente rural e cunha poboación moi dispersa e diseminada, estruturada arredor de 18 parroquias. Non dispón dunha rede de distribución de auga propiamente dita, e especialmente nas parroquias dos núcleos ribeiregos que son zonas que non teñen subministración de auga con garantías sanitarias e abastécese a partir de pozos particulares.

Nas zonas que si contan con subministración, o sistema consiste nun conxunto de subredes independentes que recollen as augas de mananciais próximos e condúcenas ás vivendas. Este sistema inicialmente permite o aproveitamento de mananciais de auga natural con boa calidade, pero presenta carencias como a dificultade de controis sanitarios debido á captación en diversos puntos ou insuficiencia de caudal en época de estiaxe.

Para resolver os citados problemas, nesta primeira fase executaranse as actuacións correspondentes aos ramais de abastecemento de Santa Mariña-Cendoi-Teiquiso e Quintela-Gondrame-Outeiro (Vileiriz). As obras consisten na execución de dous ramais de distribución en tubaxe de polietileno, que en total serán 6.362 metros, distribuídos do seguinte xeito: Santa Mariña – Cendoi – Teiquiso: 2.530 metros de tubaxe de 90 mm de tubaxe en polietileno; Quintela – Gondrame – Outeiro (Vileiriz): 3.832 metros de tubaxe de 90 mm de tubaxe en polietileno.



A Xunta, mediante este tipo de colaboracións cos concellos galegos, pretende garantir a subministración de auga en calidade e cantidade á cidadanía e cumprimento da Directiva Marco da Auga. Neste sentido, tamén se garante o abastecemento e regulación dos recursos hídricos en calidade e cantidade coa realización das obras de infraestrutura necesaria, velando así mesmo polo seu consumo responsable e fomentado o seu aforro.



## **MÁIS DE 300 FAMILIAS BENEFICIARANSE DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ PARA MENORES CON DISCAPACIDADE FINANCIADO POLA XUNTA**

- ***O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao convenio de colaboración por un importe de 275.000 euros entre a Administración autonómica e a Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT), un 23% máis que o ano anterior***
- ***En novembro de 2014 abriu unha nova unidade de apoio psicosocial a nenos e nenas en idade infantil na comarca de Bergantiños, que se suma ás xa existentes do Deza e Salnés***
- ***Para o desenvolvemento das actuacións, cada unha das unidades conta con dous profesionais especialistas en desenvolvemento infantil e atención temperá, un logopeda e un auxiliar administrativo***
- ***As tres unidades contan coa supervisión dun coordinador especialista en desenvolvemento infantil e atención temperá***
- ***Este convenio enmárcase na aposta do Goberno galego por seguir incrementando os recursos de atención temperá na Comunidade***

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT) por un importe de 275.000 euros, 50.000 euros máis que en 2014, o que supón un incremento do 23%. O obxectivo é financiar o servizo de atención aos nenos e nenas de 0 a 6 anos que padecen algún tipo de discapacidade.

A finalidade deste convenio é contribuír ao financiamento das tres unidades (situadas nas comarcas do Deza, do Salnés e de Bergantiños, que abriu en novembro) destinadas a apoio psicosocial dos nenos e nenas con déficits que xeran alteracións discapacitantes, ou con risco de padecelas. Tamén prestan apoio as súas familias e ofrécese especial atención aos casos dos máis cativos.

O traballo destas unidades pasa por avaliar dun xeito global os problemas de desenvolvemento derivados das situacións de discapacidade ou de alteracións no desenvolvemento infantil, a través dun enfoque interdisciplinario de prevención da dependencia e de promoción da autonomía persoal. En definitiva, trátase de xerar actitudes de incorporación social no conxunto da familia e fomentar a participación na vida cotiá.

Este servizo, que comezou en 2009, atendeu ao longo do exercicio pasado a 274 familias, unha cifra que previsiblemente se poderá superar en 2015 e acadar as 300 familias grazas á apertura do centro de Bergantiños.

Para o desenvolvemento das actuacións nas distintas fases (acollida, diagnóstica, orientación, coordinación, sesións de apoio ou traballo en grupo de familias), cada



unha das unidades está composta de dous profesionais especialistas en desenvolvemento infantil e atención temperá, un logopeda e un auxiliar administrativo. As tres unidades contan coa supervisión dun coordinador especialista en desenvolvemento infantil e atención temperá.

### **Rede de atención temperá**

Esta atención enmárcase no impulso que está a dar a Xunta no eido da atención temperá. Así, a Consellería de Traballo e Benestar aprobou en 2013 o decreto que regula a Rede de atención temperá destinada a atender os nenos e nenas de entre 0 e 6 anos con trastornos no desenvolvemento ou en situacións de risco de padecelos, así como as súas familias e o seu contorno. O obxectivo é prestar unha atención integral, que permita ás familias e aos menores (tanto dependentes como non dependentes) avanzar na súa autonomía e na súa calidade de vida, así como traballar a prevención da súa posible dependencia.

Unha das principais finalidades desta normativa é avanzar na coordinación dun espazo común entre os sistemas de saúde, educación e servizos sociais. Deste xeito, acadarase unha atención integral, continuada, flexible e contextualizada, ao mesmo tempo que se consegue unha maior eficiencia na prestación destes servizos.

Na mesma liña, en marzo de 2014 constituíuse o Consello autonómico de atención temperá baixo a presidencia da conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato; e coa participación da conselleira de Sanidade; e o conselleiro de Cultura, Educación, e Ordenación Universitaria.

Este órgano, que queda adscrito a estes tres departamentos, ten como principal función establecer as liñas estratéxicas na materia e crear un espazo común de coordinación e corresponsabilidade entre os sistemas de saúde, educación e servizos sociais coa finalidade de satisfacer os dereitos e necesidades daqueles nenos e nenas que padezan de trastornos no desenvolvemento ou que estean en risco de padecelos. Este organismo conta, pola súa vez, co apoio dunha Comisión técnica de atención temperá.

Froito do traballo desta comisión, elaborouse un Protocolo de coordinación de atención temperá que permitirá acadar a complementariedade das intervencións, evitando a duplicidade de servizos e garantindo, en todo caso, un único modelo de intervención para os tres sistemas: saúde, educación e servizos sociais.

O protocolo recolle cada unha das fases de actuación cos menores que presenten trastornos do desenvolvemento ou risco de padecelos, así como os procesos de intervención coas súas familias, definindo en cada fase o obxecto desta, os ámbitos e os procedementos.





## CULTURA E EDUCACIÓN AVANZA O PLAN DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA NO TECIDO ECONÓMICO 2015-2020, QUE SERÁ SOMETIDO A CONSULTA POR PARTE DOS SECTORES IMPLICADOS

- *O Plan ten como obxectivos estratéxicos crear conciencia de que o uso do galego favorece os resultados empresariais, estender o emprego da nosa lingua no ámbito económico e fomentar ese hábito por parte de clientes e consumidores*
- *O Goberno galego considera que o aumento da presenza do galego neste eido terá un efecto multiplicador no conxunto da sociedade*

O conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Román Rodríguez, deu conta no Consello da Xunta do estado de elaboración do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico 2015-2020, cuxo borrador inicial está a piques de concluír para, posteriormente, ser consultado e debatido cos sectores implicados co fin de que realicen as achegas que consideran oportunas e participen activamente na súa execución. Este documento ten como marco de referencia o Plan xeral de normalización lingüística de Galicia (PXNLG), que conta cunha epígrafe específica referida ao ámbito económico e que agora se vai desenvolver con liñas de traballo específicas.

O Goberno galego estableceu como eixe fundamental da política lingüística a ampliación dos usos do galego na sociedade e, especialmente, nos sectores económicos. Precisamente a este obxectivo responde este plan de dinamización agora en elaboración e que incluírá accións dirixidas aos autónomos, ás cooperativas, á banca ou ás grandes empresas, entre outras; e que tamén aproveitará os vínculos coa lusofonía.

O obxectivo final deste é incrementar a presenza do uso do galego no ámbito económico (un eido de grande influencia e prestixio) e que isto sirva de efecto multiplicador no resto da sociedade. Trátase, en definitiva, de que o sector recoñeza que a adopción do galego como lingua representa un valor engadido nas relacións empresariais e comerciais.

### **Obxectivos estratéxicos e operativos**

O documento inicial establece como obxectivos estratéxicos crear conciencia de que o uso do galego favorece os resultados e obxectivos empresariais e as relacións laborais, comerciais e bancarias; estender o emprego da nosa lingua neste ámbito e fomentar entre clientes e consumidores o hábito de usaren e reclamaren a atención comercial en galego.

Tamén están xa definidos unha serie de obxectivos operativos como son facer visible as vantaxes que pode supoñer o uso do galego como factor de proximidade,



diferenciación ou innovación; evidenciar que o seu uso é un importante índice de calidade no trato e na relación coa clientela; ou apoio e recoñecemento do traballo a prol do galego que realicen empresas e entidades, entre outros.

Para tal fin o plan establece cinco áreas de actuación iniciais que son industria, comercio, cooperativismo, banca e traballo. A partir de aí, e debido á súa influencia na sociedade actual, engadíronse outras adicionais como hostalaría e restauración, industria alimentaria, entidades intermedias (xestorías, asesorías, despachos de avogados, inmobiliarias...) e axencias publicidade.

### **Participación activa de administracións, empresas e colectivos**

No seu obxectivo de impulsar o emprego do galego no eido empresarial e comercial, o Goberno galego é consciente da necesidade de implicar o maior número de axentes posible. O documento configúrase como un plan da Xunta de Galicia no seu conxunto e, por tanto, implica a participación activa de todas as consellerías e entidades públicas con competencias en materia económica. Ademais, cómpre incorporar de xeito proactivo entidades de especial relevancia no ámbito da normalización lingüística (como a Real Academia Galega ou o Consello da Cultura Galega), as restantes administracións e entidades públicas (como as universidades), as empresas (públicas e privadas), asociacións e entidades empresariais (fundacións, centros de formación...) e colectivos e persoas individuais sensibilizadas coa lingua.

### **Cronoloxía**

A día de hoxe iniciouse a primeira fase do Plan coa definición xurídica da súa comisión técnica, dos obxectivos e da metodoloxía e calendario de traballo. Así mesmo, están seleccionados os obxectivos, directrices e medidas do Plan xeral de normalización da lingua galega (PXNLG) en que se encadra este documento, a revisión das empresas obxectivo e a selección e valoración das actuacións a incluír no documento.

Logo da presentación de hoxe no Consello da Xunta, o texto inicial do Plan será remitido a todas as entidades públicas e privadas para a súa análise e debate e para que poidan realizar as achegas que consideren pertinentes. É dicir, abrirase un proceso de participación con todos os axentes implicados co fin de implementar o texto final. Unha vez concluída as distintas fases, así como a elaboración da pertinente memoria económica, está prevista a aprobación definitiva polo Consello da Xunta deste Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico 2015-2020.



## O CENTRO DE TRANSFUSIÓN DE GALICIA ACADA POR DÉCIMO QUINTO ANO CONSECUTIVO AS TAXAS DE SANGUE RECOMENDADAS POLA OMS

- ***O número de doazóns rexistradas no pasado ano 2014 foi de 111.255***
- ***Este ano rexistrouse un lixeiro descenso do 2,52% polo que Sanidade fai un chamamento para animar os cidadáns a participar nas vindeiras campañas deste ano 2015***

Galicia mantivo durante o ano 2014 o número de doazóns de sangue cun total de 111.255. Estes datos sitúan a Comunidade Autónoma dentro do rango de doazóns recomendadas pola Organización Mundial da Saúde (OMS) por décimo quinto ano consecutivo aínda que, no último ano, se registrou un lixeiro descenso do 2,52%.

A taxa de doazón foi 40,48 por 1.000 habitantes, unha cifra moi similar á do ano 2013. Por este motivo, Sanidade fai un chamamento para animar os cidadáns a participar nas vindeiras campañas de doazón de sangue deste ano 2015.

O labor que o Centro de Transfusión de Galicia realiza na captación de doantes dun xeito accesible e sinxelo; no procesado dos hemoderivados; e na subministración de compoñentes sanguíneos aos distintos centros hospitalarios galegos garante a súa subministración efectiva alí e onde sexan necesarios, e tamén que esta se fai con todas as garantías de seguridade e de rapidez exixibles.

Deste labor benefíciense ano a ano un grande número de pacientes, ben sexa por teren sido sometidos a intervencións cirúrxicas complexas, politraumatizados, transplantados, etc., ou como soporte a tratamentos médicos que esixen de soporte hemoterápico complementario.

